

# Intervención de Manuel Baltar na Comisión de Economía do Parlamento de Galicia

3 de decembro de 2020

Presidenta e membros da Mesa

Sras. Deputadas e Sres. Deputados

Medios de comunicación,

Señoras e Señores,

De novo acudo a esta convocatoria, como non podía ser doutro xeito. Unha ocasión máis para exercer a cooperación e colaboración entre institucións, cumprindo con esta Cámara, fiel representación de Galicia.

Na miña condición de “persoa titular da presidencia” tal e como establece o artigo 53 bis que a disposición derradeira primeira da Lei 9/2017, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engadiu ao texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Fágoo sen deixar de lembrar meus dez anos de experiencia parlamentaria galega –na VI, VII e VIII lexislatura desta Cámara- e a miña pertenza concretamente a esta comisión terceira de economía, facenda e orzamentos.

Comparezo para, segundo a convocatoria, falarlles das “liñas xerais do orzamento da Deputación de Ourense para o exercicio de 2021”. E vou máis aló, pois o fago, como acostumo a facer, falando xa dos orzamentos para 2021 aprobados o pasado 25 de setembro, de novo a primeira administración pública de España, a calquera nivel territorial, en facelo. Falando, por iso, de anticipación, previsibilidade e planificación, as liñas mestras da acción e da visión política.

E lembrando que cando compareza en 2021 virei cos orzamentos para 2022 aprobados o 24 de setembro. O mesmo que na comparecencia de 2022 exporei os orzamentos para 2023 xa aprobados o 23 de setembro.

Trátase de cumprir o único plan de mandato provincial presentado ao electorado galego diante das urnas en maio de 2019, o Plan “Ourense 7273”, que especifica día, hora e mes de posta en marcha de todas e cada unha das medidas que o compoñen. O mesmo que faremos en 2023 con ocasión das eleccións locais a celebrar o día 28 de maio.

Fágoo nun ano 2020 especialmente difícil, lembrando a todas as vítimas desta pandemia, 294 ourensáns neste intre, confiando unha pronta recuperación a quen está a sufrir o coronavirus e unha mensaxe de ánimo para as súas familias. O meu desexo de boa saúde para todos.

Tamén toda a solidariedade para os sectores económicos e traballadores que están a padecer os efectos máis duros desta pandemia, con mención especial para a hostalería afectada por restricións que ameazan a viabilidade de tantos establecementos pechados.

Os orzamentos da Deputación de Ourense para o ano 2021 seguen a ser os orzamentos da cooperación cos concellos e coa veciñanza da provincia, facendo especial fincapé nos aspectos medioambientais, sociais e culturais.

Unha Deputación que ten capacidade de seu para responder con carácter inmediato ante calquera continxencia ou situación extraordinaria. Como fixemos e facemos neste 2020 como consecuencia da pandemia. Sempre da man da sociedade e das entidades máis representativas.

Sexa no ámbito económico –coa posta en marcha do Comité do Día Despois ao inicio da crise-, no eido cultural –consello asesor de cultura-, no apartado turístico –consello asesor de turismo- e, por suposto da man das entidades sociais duplicando as axudas xa importantes como así fixemos co plan de empregabilidade para todos os concellos da provincia.

Os orzamentos da Deputación de Ourense para 2021 ascenden a 79.700.000 euros. Tamén aprobamos o orzamento do INORDE –o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico-, organismo autónomo da Deputación, por importe de 1.817.000 euros.

Contemplan, entre outras, as seguintes liñas de traballo:

1-Plan de fomento do emprego dotado con 1.830.000 euros

2-Seguimos apostando polas axudas á natalidade -300.000 euros- e polas axudas a concellos para actuacións relacionadas coa mocidade por 549.000 euros.

3-Plan para gastos correntes para aqueles concellos que acrediten insuficiencia financeira e orzamentaria, dentro do Plan de cooperación para obras e servizos.

4-Programa de acción social en cooperación cos concellos por importe de 1.200.000 euros.

5- Subvención nominativa á UNED por 430.995´48 euros e á Universidade de Vigo por 220.000 euros.

6- Financiamos os G.E.S na parte que deberían aportar os concellos cun total de 990.666´66 euros

7-Dótase ao Consorcio Provincial de Incendios con 1.419.750 euros.

8- Liña de subvencións de deportes -350.000 euros- e o Plan Tarazana de actividades culturais e recreativas -200.000 euros-

9- As reparacións e mantemento das vías provinciais 1.500.000 euros.

10- O proxecto RED.ES importa un total de 597.904, 47 euros

11- Os concellos da provincia reciben 2.087.000 euros en forma de transferencia de capital para os seus investimentos.

12- O plan provincial de cooperación ás obras e servizos por importe de 4.716.000 euros

12- O Plan “Ourense, a provincia termal” con 500.000 euros.

Aprobados os orzamentos en setembro, xa están tamén as bases reguladoras dos programas máis salientables aprobadas tamén, como fixemos no pleno ordinario de novembro, celebrado o pasado venres, cos plans BenOurense, denominación dos plans sociais da Deputación.

Tamén significar que no orzamento de 2021 modificamos as bases do Plan provincial de cooperación e do Plan provincial de mocidade para que os concellos da provincia poidan utilizar estes recursos económicos no que entendan máis necesario e urxente para os seus territorios.

Xa sexa para adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases actuais ou solicitar o ingreso nas arcas municipais para paliar os efectos do COVID-19, excluindo gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación diferentes ás previstas nas bases.

Todo para que o 1 de xaneiro de 2021 –mellor dito o día 2, porque o día 1 é festivo- estean en disposición de executarse.

Un ano 2021 onde veremos as vantaxes de operar unha vez acadada hai tempo a “débeda cero” da institución.

Un ano 2021 onde abrirá en Ourense o Centro Galego de Innovación na FP “Eduardo Barreiros”, unha aposta da Deputación de Ourense en colaboración coa Xunta de Galicia.

Un ano 2021 onde a Ribeira Sacra será distinguida como Patrimonio Mundial pola UNESCO, unha andaina que iniciouse en setembro de 2013 na sala de xuntas do Pazo Provincial.

Un ano 2021 onde seguirá dando pasos firmes o futuro Parque Acuático de Monterrei, tamén froito da cooperación da Deputación e a Xunta de Galicia.

Un ano 2021 onde seguiremos liderando en transparencia a tódolos gobernos provinciais de España, marcador obxectivo de tódolos indicadores establecidos.

Un ano 2021 onde o Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño pisará forte con novas infraestruturas e un gran proxecto de futuro, preparando a Coupe de la Jeunesse de 2022, sen dúbida unha cita de rotundo prestixio internacional.

Un ano 2021 onde comezará a implantación do Plan “Destino Turístico Intelixente”, pioneiro e vangardista que fará que consolidemos os mellores números da historia no turismo, que foron os de 2019.

Un ano 2021 onde esta Deputación seguirá tendo voz e voto nos foros nacionais e internacionais a nivel de gobernos provinciais, falando de territorio, de servizos e de futuro.

Sen dúbida o goberno provincial de España con maior e mellor presenza meses foros: A Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provinciais (só dous gobernos provinciais

de 25 membros); A Fundación Democracia e Goberno Local conformada por 27 gobernos provinciais –estamos no comité de dirección composta por 8 gobernos-; A Vicepresidencia da Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Embalses e Centrais Hidroeléctricas, a asociación municipal, despois da FEMP, que une a maior número de entidades locais de España.

Por certo, que o vindeiro 14 de decembro presentaremos un documento consensuado por diversas organizacións municipalistas territoriais denominado “Manifesto sobre o futuro das concesións hidroeléctrica en España”.

Presidindo Partenalía –a Asociación Europea de Gobernos Provinciais-; Presidindo a EHTTA -51 sitios termais de 18 nacións- ou vicepresidindo a CEPLI -1167 provincias europeas-; en 2021 faremos efectiva a nosa entrada no Eixo Atlántico, sen dúbida, unha excelente plataforma para seguir traballando en rede compartindo experiencias de éxito e innovando a prol de Ourense.

Os orzamentos de 2021 serán tamén acaídos para poñer en marcha os 30 acordos e actuacións que derivaron do Debate sobre o estado da provincia, celebrado o pasado 17 de novembro. E cito, a modo de exemplo, os seguintes:

- 1.- Creación do programa “Ourense provincia biosostible” (oficina para axudar aos concellos a captar fondos do programa “Green Deal”, dotado con 1000 millóns de euros).
- 2.- Abrir unha nova etapa de xestión en MEISA (Estación de montaña de Manzaneda) coa desestacionalización como obxectivo de mellora permanente e a identificación plena coa comarca).
- 3.- Centro de Interpretación do Río Miño en Toén e Centro de Interpretación do Camiño de Santiago-Vía da Prata en Ourense, ruta que transcorre por 28 concellos da nosa provincia.
- 4.- Plataforma informática provincial en colaboración cos concellos, como escaparate de vivendas en disposición de ter vida no rural (para alugar ou vender)
- 5.- Obxectivo de funcionamento dos G.E.S: aplicar en 2021 a porcentaxe de financiación (Xunta 52’5 %, Deputación 40 % e Concellos 7’5 %) aos custos reais anuais.
- 6.- Converter a rede viaria provincial nunha vía escolar segura (existen case 30 CEIP con acceso directo a vías provinciais).
- 7.- Atribuír a un membro do goberno provincial as competencias en materia de cumprimento e seguimento da axenda 2030. Unha área na que cobra especial relevancia a colaboración público-privada como a iniciativa que vimos de presentar onte: un proxecto de xestión ambiental integral no que co-lideraremos un proxecto de economía circular na comarca da Limia que, ademais da innovación, o crecemento económico e a mellora do impacto ambiental no noso territorio, ofrece unha solución para a xestión de residuos en liña. Con tres liñas de actuación: planta de biometanización; planta solar fotovoltaica e planta de obtención de hidróxeno verde. A Unión Europea con esta tecnoloxía ten instaladas algo máis de 700 instalacións de produción de biometano. En España só temos 5, ningunha delas en Galicia. Os datos económicos e

socioeconómicos do proxecto son os seguintes financiados desde o sector privado: 21 millóns de euros, 20 empregos directos e 100 empregos indirectos.

8.- Posta en marcha da Web da Cultura de Ourense da man do sector: axenda, axudas, convocatorias e foros.

9.- No apartado expositivo o Centro Cultural Marcos Valcárcel acollerá “DE NÓS A NOS” coa Xunta de Galicia e “ALFONSO X O SABIO E GALICIA” co Consello da Cultura Galega.

10.- Inventariado e catalogación dos bens culturais da Fundación Santamaría-Temes, unas 900 pezas que forman parte dos fondos da valiosa colección artística e pictórica de Angelita Varela. Mediante un convenio asinado hoxe mesmo en Ourense.

11.- Situar en Ourense o OBSERVATORIO MUNDIAL DO TERMALISMO, aproveitando as redes e sinerxias da EHTTA e de TERMATALIA en Iberoamérica.

12.- Ourense acollerá o CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DO HOCKEY, unha disciplina deportiva de longa tradición na cidade. En xaneiro celebrarase no Paco Paz o Campionato Europeo Feminino de seleccións.

13.- Maior protagonismo da Deputación, do INORDE, na Tecnópole.

14.- Nova etapa do INORDE, orientado cara a xestión de proxectos para a recuperación, transformación e resiliencia de Ourense.

15.- Convenio coa UNED para actividades formativas de asesoramento e investigación sobre emprendemento rural. Reforzando así o proxecto europeo EMPRENDOU, liderado pola Deputación de Ourense, neste intre con 113 proxectos aprobados en Xunta de goberno.

16.- Renovación da Web corporativa e do portal de transparencia da Institución, seguindo a ser pioneira como coa Xornada sobre Compliance que organizaremos coa Fundación Democracia e Goberno Local.

17.- Potenciar a atención á veciñanza mediante un sistema de cita previa e mesmo por videochamada e seguir traballando na automatización robótica de procesos. Nesa liña estamos a traballar para dotar a Deputación dun sistema accionable de información (SiaOU).

Señorías, quero aproveitar esta ocasión para facer algunha reivindicación en sede parlamentaria:

- A xa reiterada, ano tras ano, da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma, en coherencia cos textos constitucional e estatutario.

- A reivindicación do equilibrio territorial dispoñendo que se contemple a provincia de Ourense como futura ubicación dos proxectos tractores da economía galega que concurran aos fondos New Generation.

- Requerir á Xunta de Galicia e ao Estado para tomar as medidas cara a extensión da fibra e/ou redes de internet con suficiente capacidade para traballar e estudar dignamente no rural da provincia de Ourense, máis aínda na situación que estamos a padecer.

E entendo que tamén é esta comisión un foro axeitado, falando de cuestión orzamentarias, para trasladar algunha posición importante dende o punto de vista do mundo local a nivel estatal:

Dende que a pandemia chegou o goberno central non enviou un solo euro ás entidades locais.

Os grupos parlamentarios que sosteñen ao goberno central tampouco fixeron súas as emendas aos orzamentos do Estado que a FEMP fixo chegar. Un desprezo como nunca houbo na Historia do municipalismo. Nin unha sola das 37 emendas que a FEMP fixo chegar ao Parlamento.

A colaboración e coordinación, que citei no inicio desta comparecencia, son verbas básicas para encarar o futuro coas mellores perspectivas.

Permítanme que remate esta intervención coas últimas verbas “das primeiras verbas” da Revista NÓS ( hai 34 días do centenario da aparición do primeiro Número, 30-outubro-1920). As mesmas que pronunciei no debate sobre o estado da provincia do 17 de novembro. Son estas:

*“E, ós que s’asombren da nosa confianza, da nós firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémoslle dicir que témola evidencia de sérmolos millores, os máis doados, os máis fortes; de que tódalas forzas do espírito están connosco, de que imos triunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...”*

*Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en tódolos que sintan diste xeito.*

*A tódolos que nos lean. (e a todos os que nos vexan e escoiten)*

*Saúde e Terra”.*

Dixen.

Graciñas.